Trasalba 17 do febreiro 1962

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e admirado poeta e amigo:

Fai tempo que teimaba escribirlle. Mais os traballos, as triguizas, o rolcuño novo... Hoxe espreitando o Liburneiro polo S. e a serra Martiñá polo N. penso ledo e gravemente enmorado na grande exaltís mocidade de Vde. Abonde o "Salterio de Fingoy"! Fingoy combina un ar de Tebaida e unha ou moitas chamadas dos recantos do horto dos filósofos. Na urdime da obrigación afiance como febras de serpentina as do caraiter e síntese o pexir do tempo e a obrigación de rexistrala. Dubida Fingoy e seu eremita entre a formulación das cercas lugresas e a liberdade do mundo e da campia. Vde no derradeiro libro fai un xornal. Case un caderno de bitácora, por mares do tempo e de diamantes. Na soedade novamente cristalizada e cada intre no exercicio de ética pedagóxica de catouce, como non diamantes, do bruidoro ou do solermuño, devenir do mundo sendo tamén unha saudade e unha simpatía por si. O mundo, o sentimento terrible do ser, seu imperio cruel: atoca ó illado, sempre escolmou ó elexido. Ditoso quen pode queimar tantas carradas da millor leña do bosque pra obtener un pouco lanterna de chama. Vde quere, faise ilusión de arcaicos diamantes de entrar na crausura e non pode. É terrible cortar a derra-

deira ponte. Namentras gañamos a Poesía, a lingoa e os amigos
e dispoñe que me poña acarón de tan puros e outos Himalayas
Vde espreitando o camiño tén de lembrar moitos acompañamen-
to e lumes. Queda a terra mellorada. Algunhas veces son
fumes podentes e tristes entrebando a cristal do día. Vde com
pracere neles como nos Semiramis Paul Valéry. Xuventude ade-
mirable. Unha polémica de alquimista engaiolado na gre-
cias e melancolías do lume e do forno inda deresxando a lus
astral pro definitiva do diamante lucente.. Moi ledo co li-
bro que leva en si o compromiso de outro. Por iso un co moi
azul. as veces dormido e como tenero de tan azul e xialas cum-
praces. Saudos a dona A. S. P. e as fillas, boa e leda compaña.
Ouvo falar de un "polígono" de Pingoy. Outros presentan en Ou-
rense e Vigo. Estámos geometrizando sin nos pascalizar. Le-
resxantes ver. Eu agora viaxo pouco.

Sempre vello amigo e admirador con

abrazos

Ramón Otero Pedrayo

AC
?2 1162